

VOLVERÉIS

Jonás Trueba, 2024

1366

ESTREA EN NUMAX: 30.08.2024 | V.O. | +7 | 114 min

Despois de 15 anos xuntos, Ale e Alex teñen unha idea que podería parecer absurda: organizar unha festa para celebrar a súa ruptura. Este anuncio deixa perplexos aos seus seres queridos, pero eles mantéñense firmes na decisión de separarse. Ou se cadra non?

«Jonás Trueba conmove cunha comedia sobre o fin do amor (...) que talvez sexa a mellor obra de toda a súa carreira»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS



Unha alfaia fráxil e delicada

Por Ángel Quintana

Nun momento central do filme, o pai da protagonista amósalle dous libros do filósofo americano Stanley Cavell: *El cine, ¿puede hacernos mejores?* e *En busca de la felicidad*. Xunto a estes aparece un volume do texto de Søren Kierkegaard, *La repetición*. Nos dous primeiros libros, Cavell partiu da comedia americana dos anos trinta para falar do que definiu como o recasamento, é dicir, o encontro entre dous personaxes que rompen cun pasado para iniciar un presente a partir da materialización dunha nova unión que é máis libre que a anterior. En *La repetición*, Kierkegaard escribiu unha obra de carácter biográfico na que despois de vivir a separación coa súa amante Regine Olsen e materializala no libro *Temor y temblor* apostou polo reencontro como superación da incerteza. A repetición da experiencia amorosa aparece como un estadio perfecto do amor, xa que o amor repetido non se enfrenta nin ao descoñecido, nin á melancolía fronte ao pasado.

Jonás Trueba fálanos no seu filme desta posibilidade de volver a empezar, de como se pode volver amar a mesma persoa despois de amala. Para facer efectiva a repetición ou o recasamento é preciso asumir a rotura. A particularidade de *Volveréis* é que desde a primeira escena introdúcenos nunha rotura anunciada, pero sen que nin el, nin ela cheguen a estar convencidos da materialización de dita rotura. Os amantes deciden separarse e organizar unha festa con motivo da súa separación, deben anunciarllo aos amigos e convocar os invitados. A idea funciona, pero resulta tan excéntrica que forma parte doutro rexistro que non é o da vida, senón o dese cinema que busca a felicidade. Os protagonistas afirman ao inicio que o tema da festa de separación é un bo guión para un filme e un mal guión para a vida. *Volveréis* funciona como ficción autónoma sobre a vida cotiá e, porén, tamén como un filme aberto que se roda mentres se desenvolve. Nese filme que coincide co que vemos como espectadores, pónense en cuestión as numerosas dúbidas que teñen que ver co relato e coa existencia. Trueba converte *Volveréis* nun espello da incerteza e preséntanos abertamente as críticas que como espectadores podemos facer ao filme, entre elas, a idea de que se repite que non é lineal, nin avanza en círculos. *Volveréis* acaba sendo unha afirmación do amor xurdido despois da dúbida, do amor que é cuestionado para poder volver manifestarse. Durante o traxecto da dúbida está nos actores, nos encontros e nas miradas. O tempo da proxección é o do tempo da espera e da repetición, un tempo que só pode ser transformado a partir da revelación, dese milagre que acontece cando as ilusións perdidas se transforman en ilusións reencontradas. Jonás Trueba filma o seu gran filme, pero faino desde a discreción como se nas súas mans tivera unha alfaia fráxil e delicada.

Publicado en caimanediciones.es
Tradución do español.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

El cine, ¿puede hacernos mejores?,
Stanley Cavell.
Katz editores, 2008

Temor y temblor,
Søren Kierkegaard.
Allianza, 2014

Las ilusiones,
Jonás Trueba.
Periférica, 2013